



Novas de Mesía



MULLER

CAMPAÑA

"TECENDO IGUALDADE"

Este é o lema da nosa campaña para conmemorar o 8 de marzo. Trátase de fomentar o traballo en equipo (familia, colexio, concello...) e que entre tod@s contribuíamos a algo tan básico como é a igualdade.

Actividades en colaboración co CPI Xanceda:

- **Xincana pola igualdade:** Xogos para os máis pequenos.

- **Mesa redonda:** " E ti quen ves sendo?", mulleres relacionadas con Mesía falarán do seu traballo e experiencias.

- **Concentración** As 12:00 do día **7 de marzo:**

Adiantámonos o día da muller, o centro educativo abrirá as súas portas para facer un acto de concentración o que estades tod@s convidad@s.

"IOGA DO RISO"

Ídevos preparando para pasar un intre relaxado e cheo de gargalladas.

Día: Venres, **8 de marzo** de 2018.

Hora e Lugar: Ás 21:30. Pavillón de Visantoña

Inscripcións: De balde. Anotarse ata cubrir prazas .

PRESENTACIÓN DO DOCUMENTAL

"TECIDO RESISTENTE"

Día: Venres, **15 de marzo** de 2019 ás 21:30 h.

Lugar: Casa da Cultura.

Inscripcións: Ata o 14 de marzo na Casa da Cultura.

O documental Tecido Resistente recupera a historia dos centos de mulleres que protagonizaron "unha silenciosa revolución" na vila de Présaras (Vilasantar) nos primeiros anos do século XX. É un relato sobre o empoderamento e o feminismo antes incluso de que o concepto chegara a Galicia. **Contaremos ca presenza da directora deste documental Marina Chiavegatto.**

FESTA DE ENTROIDO

O **sábado 2 de marzo** ás 16:00 h. teremos unha cita no Pavillón de Visantoña. Faremos un desfile con todos/as que veñades disfrazados e teredes un agasallo por participap.

Ademais haberá inflables, ludoteca para peques, talleres, chocolatada. desfile disfraces. etc.

DEPORTE E SAÚDE

RUTA SENDEIRISMO E VISITA FRAGAS DO EUME:

Día: Sábado **27 de abril**, en horario de 09:00 – 19:00 h.

Saída: Praza do Concello, Xanceda.

Descrición: Ruta de nivel fácil sobre 10 quilómetros. Ruta Os Encomendeiros

Importante: Levar calzado axeitado, auga, e chubasqueiro ou gorra se fose preciso.

Prezo: **20 € Inclúe bus, comida e visitas na zona.**

Inscripcións: Na Casa da Cultura ata o 17 de abril. Mínimo 20 asistentes.

CULTURA

TEATRO PARA ADULTOS "EU QUERÍAME CASARE"

Día: Venres, **29 de marzo** de 2019 ás 21:30 h.

Lugar: Casa da Cultura

Inscripcións: antes do 21 de marzo na Casa da Cultura

Unha comedia, na que Lucia Veiga e Pedro Brandariz interpretan a unha parella que se cita a través dun programa de televisión.



LETRAS GALEGAS

ACTUACIÓNS NOS COLES!

Para conmemorar as nosas letras achegaremos varias actuacións aos centros educativos do concello, dentro do programa Ler conta moito da Xunta de Galicia.

Ademais este ano colaboraremos co equipo de normalización lingüística do CPI de Xanceda para organizar unha ruta sorpresa.

"A BANDA DO MEU POBO"

O día **3 de maio** teremos un Conto musicalizado Presentado pola Asociación Antonio Gandoy para nenos/as de 0 a 3 anos será ás 11:00h na casa da cultura de Xanceda. Entrada libre.

EXCURSIÓN O DÍA 14 DE ABRIL

Prezo: 25 €/persoa. (recolleanse ao anotarse).

Inscripcións: Servicios Sociais do Concello de Mesía. (+INFORMACIÓN: 981 687 238). Prazas Limitadas.O prazo para anotarse comenará o 7 de marzo ata o 3 de abril. **Poñeranse bandos con toda a información da excursión**

SEMANA SANTA

EXCURSIÓN: PISCINA / BOLERA E CINE

Día: Lunes, **15 de abril** de 2019.

Horario: De 10:30 a 19:00 h. (saída e chegada aproximada á Casa da Cultura).

Ás 11:30 h. chegarase á Piscina de Acea de Ama onde nos agarda unha piscina de tobogáns, unha de ondas e unha piscina infantil. Despois de parar na piscina, o bus irá ata o C.C. Marineda para que poidan ir as persoas que queiran xogar aos bolos (1 partida de 10 bolas) e que non desexan ir á piscina.(Para a bolera grupo mínimo de 15)

Ás 13:30 h. sairemos da piscina cara o CC Marineda City a comer e ao cine.

Destinatarios/as: Nenos/as do concello. Os maiores de 13 anos con autorización firmada e os menores acompañados.

Prezo: Nenos/as e adultos: **8 €(só cine: 4 €).**

Inscripcións: Do 1 de marzo ao 8 de abril **acudir á Casa da Cultura e entregar o resguardo do pago. Prazas limitadas.**

OBRAS PREVISTAS, A DÍA DE HOXE, A REALIZAR NO 2019 CON FONDOS PROPIOS E CON SUBVENCÍONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E DA XUNTA DE GALICIA

| PROXECTO | ORZAMENTO |
|---|-------------|
| CAMIÑO DO MARCO A PICOI (CABRUI) | 15.620,77 € |
| CAMIÑO NA RIBEIRA (VISANTOÑA) | 6.380,00 € |
| CAMIÑO PRINCIPAL EN BRUMA | 27.928,03 € |
| CAMIÑO NO MATO DE ARRIBA (OLAS) | 6.206,44 € |
| CAMIÑO EN MATA (XANCEDA) | 6.475,52 € |
| CAMIÑO EN AROSA (XANCEDA) | 8.077,59 € |
| CAMIÑO DO PEREIRO AO CEMITERIO-OS CAMIÑOS (XANCEDA) | 4.507,09 € |
| CAMIÑO DE QUINTAS AO CRUCE DE XEMERÁS (ALBIXOI) | 11.640,44 € |
| CAMIÑO DA GRANXA DE RAPOSO AO CRUCE DE REBOREDO (XANCEDA) | 9.307,18 € |
| CAMIÑO NO REGUEIRO (BASCOI) | 9.100,34 € |
| CAMIÑO GANDARELA A VILARIÑO (BASCOI) | 3.068,95 € |
| CAMIÑO DE BERMUI A TAMARÍN (BASCOI) | 9.760,05 € |
| CAMIÑO NAS TEIXOEIRAS AO LÍMITE CON CESURAS (BASCOI) | 13.008,01 € |
| CAMIÑO EN CATRO CAMIÑOS (MESÍA) | 2.715,15 € |
| CAMIÑO DE AC-223 A CRUCE DE GUNDÍN (MESÍA) | 14.702,15 € |
| CAMIÑO EN GUDÍN (MESÍA) | 4.176,36 € |
| CAMIÑO ENTRE AS CASAS GUDÍN (MESÍA) | 8.258,69 € |
| CAMIÑO NO MONTE (MESÍA) | 7.780,20 € |
| CAMIÑO NO PEDRIDO (VISANTOÑA) | 4.965,24 € |
| CAMIÑO NO PEDROUCO (VISANTOÑA) | 4.187,24 € |
| CAMIÑO EN CABANA (LANZÁ) | 12.018,67 € |
| CAMIÑO DP 4701 CARA MONTOUTO (CUMBRAOS) | 6.615,00 € |

| PROXECTO | ORZAMENTO |
|---|--------------|
| CAMIÑO DE PORTA DAS MATAS A BREA (CUMBRAOS) | 3.779,88 € |
| CAMIÑO NA BREA (CUMBRAOS) | 9.753,38 € |
| PAVIMENTACIÓN VIAIS NÚCLEO DE OS CARBALLÁS (CUMBRAOS) | 9.385,94 € |
| CAMIÑO DO CRUCE DA TIEIRA DA BAIUCA A FRAGA (CABRUI) | 8.604,37 € |
| CAMIÑO EN VILARENSAL (CABRUI) | 8.935,16 € |
| CAMIÑO DA COVA A SANTA UXIA (CABRUI) | 9.976,56 € |
| CAMIÑO DO CRUCEIRO AO RÍO (CABRUI) | 36.746,82 € |
| CAMIÑO NA GÁNDARA (CABRUI) | 11.114,20 € |
| CAMIÑO DE AC-223 ÁS PEREIRAS (ALBIXOI) | 38.073,09 € |
| CAMIÑO EN AS PEREIRAS (ALBIXOI) | 12.940,15 € |
| CAMIÑO CAMPO DAS CRUCES A CABRUI | 33.309,49 € |
| CAMIÑO NA VILA (CASTRO) | 25.893,87 € |
| CAMIÑO EN LANZÁ ENTRONQUE COA NACIONAL 634 | 16.200,86 € |
| CAMBIO DA CUBERTA EN PAVILLÓN DE XANCEDA | 90.257,55 € |
| PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) EN XANCEDA | 302.049,82 € |
| CAMIÑO DE PONTE FEAS AO CAMPELO (MESÍA) | 22.455,53 € |
| PAVIMENTACIÓN NA IGREXA (CABRUI) | 24.620,29 € |
| CAMIÑO NAS TEIXOEIRAS (BASCOI) | 26.450,57 € |
| CAMIÑO NA AREOSA (MESÍA) | 78.499,85 € |
| PARQUES E XARDÍNS | 20.000,00 € |
| REPOSICIÓN DE INFRAESTRUTURA VIARIA | 15.000,0 € |
| OBRAS EN MATERIA DE URBANISMO | 5.000,00 € |

A día de hoxe, as inversións en obras previstas realizar no ano 2019 ascenden a 1.005.546,48 €

AVISOS

SAÍDAS AO BALNEARIO

Unha vez máis, o programa "Deporte é Saúde" oferta as saídas ao Balneario de Brión a todas as persoas que estean empadroadas no concello.

Días: As saídas serán os **venres 29 de marzo e 5, 12 e 26 de abril de 14:30 a 19:00 h.**

Observacións: O bus pasará polas parroquias de Olas, Visantoña, Mesía, Xanceda e Lanzá.

Inscricións no Concello: dende o 1 de marzo. Terán preferencia as persoas que se anoten os 4 días. Prazas limitadas! **A inscrición formalizarase co pago**, non telefónicamente.

UNIDADE MÓVIL DO DO DNI

A unidade móbil do DNI desplazarase a Ordes nos días 2, 3, 6, 7, 8, 9, e 10 de maio. Para pedir cita chamar o Concello de Ordes 981680002

LIBROS PARA SERMOS LIBRES

Este ano o Concello de Mesía foi seleccionado dentro da campaña de reparto de libros gratuitos da Deputación da Coruña. Terá lugar o **23 de abril** día do libro na Casa da Cultura.

FESTA DOS MAIORES

A festa dos maiores este ano será o día 4 de maio.

XUVENTUDE

VOLUNTARIADO XUVENIL

O Concello de Mesía figura inscrito no rexistro de Acción Voluntaria de Galicia. Se tes entre 16 e 30 anos podes participar como voluntario/a no Departamento de Cultura e Deporte. Aos/as voluntarias/as pagaráselles dietas de 6,00 €/día (como gastos de desprazamento e manutención). Anótate no Concello para este 2019.

FESTAS FIN DE ACTIVIDADES

Festa de fin de actividades de ADULTOS E MAIORES o **venres 31 de maio** a partir das 21:30 da noite no pavillón de Xanceda. Contaremos con exhibición das distintas actividades que se realizan no concello.

Festa de fin de actividades INFANTIL E XUVENIL: **sábado 1 de xuño** pola mañan as 11:00 no Pavillón de olas, ca idea de que pais/nais poidan acudir a ver @s nen@s.



Concello de Mesía



Deputación DA CORUÑA